

MANIFESTO ENTERRO ENSINO PÚBLICO GALEGO

Folga do 17 de decembro de 2025

Compañeiras, compañeiros, chegamos ao quinto día de folga desde que empezamos este curso de loita coa convocatoria da primeira o 25 de setembro. Non pasaron nin tres meses desde entón e o que estamos vendo é unha auténtica demostración de dignidade por parte do profesorado galego. Unha dignidade que se está traducindo en respecto e recoñecemento pola nosa profesión, non aínda por parte de quen nos goberna, pero si por parte da sociedade, sobre todo das familias e do noso alumnado. Neste tempo de mobilizacións fomos gañando a complicidade de moita xente que viu na nosa causa a súa causa. Nestas dúas xornadas de folga que hoxe completamos foron moitas as Anpas que, aínda sendo en horario de mañá, nos acompañaron onte protagonizando as mobilizacións e nos transmitiron mensaxes de apoio. Tamén sentimos o alento de moito do noso alumnado que nesa relación estreita que nos une sabe ben que o que pedimos é para que teña dereito á educación e á atención de calidade que merece. Pero especialmente, e iso é o máis destacábel, o que sentimos é a empatía, o compañeirismo e a solidariedade entre nós.

Para todas as persoas que estades asistindo a estas mobilizacións hai un antes e despois das mesmas. Para as organizacións convocantes tamén. Merece a pena tanto esforzo e sacrificio persoal porque recuperamos o que pensabamos que tamén nos roubaran, a dignidade; porque estamos conseguindo rachar as paredes dos centros, dos colexios, dos institutos, das salas de profesorado e levar as nosas demandas primeiro ás rúas, máis tarde aos medios de comunicación (e onte volveu ser un exemplo aínda que sabemos que a crítica á Xunta segue baixo veda) e agora ás conversas cotiás. Decía un compañeiro hai un mes: temos que conseguir que nas ceas destas festas se fale do profesorado e das condicións do ensino público. Era un obxectivo moi ambicioso, sabémolo, pero quen

estades na loita desde o comezo puidestes ver a evolución que se foi dando. Da novidade dunha convocatoria de folga en setembro ao conflito sostido no tempo, a que esta semana a palabra folga non quedase fóra de ningún Abalar e a que, aínda con todos os intentos de dividirnos, de desgastarnos e de culpabilizarnos co tema das avaliacións estamos aquí en pé, por moito que lle pese á Consellaría. É máis, nunca o conselleiro tivo que responder tantas preguntas sobre as nosas condicións de traballo e sobre os recortes do seu departamento.

Estamos rachando moitos teitos e estámolo facendo pivotando sobre estes tres eixos: **dignidade, recoñecemento e solidariedade**, un triángulo que construímos nós, que alimentamos nós e que sostemos nós. E nesta última fase é na que imos entrar á volta en xaneiro. Estas mobilizacións teñen que ser un punto e seguido. Pasaron dous anos da sinatura do acordo e non houbo ningún avance, máis ben retrocesos e incumprimentos (nin ratios mixtas, nin desdobres en todos os grupos que cumprían os requisitos, nin cómputo como dobre ou triplo do alumnado con discapacidade en todas as etapas, nin prohibición de aumentar por riba de 20 onde xa se superaba esta cifra). Por suposto nada para secundaria, bacharelato, FP nin ensinanza de réxime especial. Pois ben, apenas dous meses de mobilizacións conseguiron o que non se conseguiu en dous anos. A Consellaría négase a negociar coas organizacións maioritarias que representan ao profesorado e que convocan estas folgas pero está reaccionando adiantando a negociación da baixada de ratios en secundaria ao mes de xaneiro e abordando a recuperación do horario lectivo coas organizacións minoritarias. Unha vez máis busca cómplices para facer o que pode facer de motu proprio e hai quen se presta a isto. Pero non nos enganemos, estampar a sinatura nese acordo non serviu de nada. Como verdadeiramente se está condicionando o seu desenvolvemento é coas mobilizacións protagonizadas polo profesorado nunhas condicións moi adversas, con moitos factores en contra, pero coa forza da razón, como dixemos desde o comezo.

Compañeiros e compañeiras, temos que quedarnos con todo o que levamos conseguido en menos de tres meses. O primeiro, reafirmarnos como un colectivo unido, que estaba farto e que acumula cansanzo, si, pero hoxe en día nos centros volvemos falar de nós, volvemos falarnos! E iso era algo que practicamente desaparecera, porque o proceso de burocratización, xunto coa falta de persoal e de tempo facía moi difícil coincidir para falar de traballo, e menos das nosas condicións de traballo. Pois levamos un trimestre facéndoo e socializándoo cara fóra, un trimestre no que nos claustros se volveron abordar cuestións laborais que parecían un tema tabú, no que equipos directivos e profesorado tiveron que abordar decisións comúns, no que estivo na boca de todas e todos palabras como ratios, horarios, burocracia, atención á diversidade, salarios, dereitos roubados e folga...

Con este camiño iniciado está claro que o que queda por diante ten que ser para mellor. Seguimos tendo moito en contra pero xa menos. O esforzo incansábel de cada un e de cada unha de nós non vai ser inútil. Ao longo da historia conseguir avanzar en dereitos non foi doado e cun goberno con maioría absoluta que non cre no público menos. Pero temos os obxectivos claros: recuperación de todo o que nos roubaron e que depende da Xunta: horario, pagamento do verán ao persoal substituto, fondo de acción social, licenzas por formación retribuídas... e mellorar o ensino público ante os novos desafíos que se nos presentan: redución de ratios e persoal para atender á diversidade. Porque é de xustiza, porque é o que garante unha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa e porque está na nosa man conseguilo. Quedémonos con esta mensaxe en positivo despois de escenificar o enterro do ensino público galego para chamarmos á atención sobre a súa situación. O seu estado é agónico pero mañá todas e todos seguiremos traballando por mantelo vivo e manter vivas estas reivindicacións. Se onte fomos quen de levar a cabo máis de 20 marchas por todo o país coa participación de miles de persoas e hoxe, no quinto día de folga, volvemos encher as rúas de Compostela, temos que manternos firmes no noso compromiso. E para rematar imos dar a

despedida cantando a derradeira, como reza a nosa tradición, porque despois de chorar e sufrir sempre se albisca o roibén e a raiola.

Grazas a todas e seguimos na loita!

